

ANUNCIO

O día 28-01-2026 ditouse a seguinte Resolución con número 53/2026:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: SUSPENSIÓN DA CONVOCATORIA SINALADA PARA O XOVES 29 DE XANEIRO DE 2026 POR ABSTENCIÓN DE PERSOA INTEGRANTE DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA OU LISTA DE EMPREGO: CONSERXE (FUNCIONARIO INTERINO) E SOLICITUDE DE INFORMES

EXPEDIENTE: 2025/E001/000009

ANTECEDENTES:

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 43/2026 de data 21/01/2026, asunto “LISTAXE DEFINITIVA ADMITIDOS/AS EXCLUÍDOS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO OU LISTAXE DE RESERVA DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS CONSERXES”, publicado en igual data na sede electrónica, polo que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, se publica a composición do Tribunal ou Comisión Seleccionadora e se convoca a este para a súa constitución e realización da fase de concurso o luns día 26 de xaneiro ás 10:00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide

Logo de ver a “Acta da Comisión Seleccionadora para a realización da fase do concurso de méritos para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as conserxes” de data 26/01/2026, publicada en igual data sede electrónica na que consta o baremo de méritos dos/as aspirantes e se convoca a estes así como á comisión seleccionadora para a realización do 1º exercicio o xoves 29 ás 10.00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

Logo de ver que o escrito de abstención presentado en data 28/01/2026 (RE 202600000000380) por unha das persoas integrantes da Comisión Seleccionadora para a creación dunha bolsa de emprego ou listaxe de reserva de funcionarios/as interinos/as, invocando a causa de abstención establecida no art. 23.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e solicitando a súa substitución.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO**

PRIMEIRO. Suspende e deixar sen efecto a convocatoria da comisión seleccionadora e aos aspirantes para a realización do 1º exercicio sinalada para o xoves 29 de xaneiro as 10:00 h no Edificio Multiusos do Concello de Melide.

SEGUNDO. Dar traslado á técnica de Administración Xeral a fin de que emita informe con relación ao escrito de abstención e ao procedemento a seguir.

TERCEIRO. Dar traslado do presente acordo á Presidenta da Comisión Seleccionadora aos efectos legais oportunos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CUARTO. Publicar o presente acordo na sede electrónica.

Ordeno e asino en Melide, mércores 28 de xaneiro de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, mércores 28 de xaneiro de 2026. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.